

No período de vacacións estivais, moitas familias enfróntanse a unha grande dificultade á hora de buscar unha alternativa para atender os seus fillos mentres os pais continúan coa súa xornada de traballo.

Ofertar o colexio aberto durante o mes de xuño e xullo facilita a conciliación de vida familiar e laboral.

Durante este tempo aos nenos ofrécéselles actividades de tipo lúdico, non escolares pero si educativas.

#### Obxectivos:

- Ofertar un espazo aberto aos nenos no mes de xuño e xullo.
- Educar en valores a través de actividades grupais, fomentando a creatividade e as habilidades persoais.
- Proporcionar aos pais a posibilidade de compatibilizar os deberes familiares e laborais.
- Adquirir coñecementos sobre a contorna natural e urbana que lles rodea.
- Divertir e entreter potenciando actividades alternativas ao tempo de lecer.



#### Actividades propostas:

- Actividades deportivas
- Actividades creativas
- Actividades lúdicas
- Actividades interculturais
- Actividades artísticas

#### Destinatarios:

- Alumnos/as do colexio de 3 a 12 anos. Con carácter excepcional faise extensible a nenos/as familiares de alumnos/as do colexio.
- O colexio reservase o dereito de admisión.
- É obrigatorio cubrir a ficha de inscrición.
- Todas as actividades estarán organizadas pola **empresa A RUN RUN** baixo a supervisión do Equipo Directivo do colexio.
- 1 educador/monitor cada 10-12 nenos/as.



#### Prezos do campamento:

| Datas           | 1 alumno/a | 2º irmán/a<br>(10% desconto) |
|-----------------|------------|------------------------------|
| 24 xuño-28 xuño | 60 euros   | 54 euros                     |
| Semana xullo    | 60 euros   | 54 euros                     |
| Quincena        | 96 euros   | 86,4 euros                   |
| Mes de xullo    | 185 euros  | 166 euros                    |

Recoller e entregar a ficha de inscrición na portería do colexio. Data límite ata o 17 de xuño.

Data reunión: 18 de xuño ás 19,00 horas no salón de actos (sempre e cando se alcance un mínimo de 10 nenos/as).





Rúa Progreso, nº 24 - 32005 OURENSE  
Tlfn. 988 22 09 90 // 619303430  
Fax. 988 22 06 38  
E-mail: josefinas@josefinasourense.com  
Web: www.josefinasourense.com

# X Campamento de verán 2024

DE LUNS A VENRES



**Colexio Plurilingüe San José - Ourense**